

Renacer de Eva Díez

2018. Sala Afundación, Ferrol

Renacer foi o ensaio fotográfico gañador da 3ª edición do **Premio Galicia de Fotografía Contemporánea**. Este Premio, coordinado pola equipa do festival Outono Fotográfico é patrocinado pola Xunta de Galicia e máis pola Deputación de Lugo.

A exposición, producida polo Premio, chega á Sede Afundación de Ferrol logo de estar en Lugo, Ourense, Braga, Lisboa, Valladolid, Segovia, Fortaleza (Brasil), Vigo e A Coruña.

Ademáis, como cada ano, o Premio editou un libro homónimo que é parte da colección OF da editorial Difusora.

O xurado estivo composto ese ano polo curador e profesor de Belas Artes Xosé Manuel Buxán Bran; o fotógrafo e conservador da Colección Alcobendas José María Díaz-Maroto; a directora do Festival Encuentros de Agosto de Brasil, Patricia Veloso; o director do Outono Fotográfico, Xosé Lois Vázquez; o curador da Sección Oficial do festival e coordinador do Premio, Vítor Nieves; Encarna Lago, xestora da Rede Museística da Deputación de Lugo e Mercedes Gallego representando á Xunta de Galicia.

Enverdecer a memoria

*Secan as herbas nos campos
e volven enverdecer,
así fan amores vellos
cando se volven a ver.*

(Anónimo, do cancionero tradicional. Recollido en 1986.)

Eva anda á procura. O particular deambular de pensamento ligado sempre a unha trashumancia vital, lévaa a meditar sobre o espazo de conforto e a ubicuidade do mesmo. Ese espazo concibido como guarida de acougo, que é algo xa recorrente na súa obra. Ela muda constantemente o concepto de habitabilidade, racha cos estereotipos e dá voltas de dentro para fóra para confrontar a Casa.

É unha desas artistas con discurso profundo e pausado, porque gusta de ver antes que fotografar. É escrava do pensamento e fuxe de ateigar imaxes de xeito compulsivo, mastiga a súa contorna e fagocita filosofías. Aliás ten dixestións lentas. Non concibe o mundo da fotografía como unha simple colección absurda de imaxes que o espírito de consumo degolador leva ao autor ou autora a unha voráxine de pertenzas bidimensionais que enchen maletas e atrapallan o camiño. Eva Díez fotografa para entender, e logo de debullar longos tempos, fixa en papel aquel coñecemento adquirido para partillalo nun intento dun novo *feed back* da espectadora para apropiarse de novas visións do seu cosmos.

Formalmente, "Os que habitan" (o seu anterior ensaio) e "Renacer" semellan aos ollos neófitos traballos distantes. Son. En tempo e en madurez. Mais non no xeito que ela ten de relacionarse co que a rodea e con esa procura do concepto Casa como albergue ou fogar.

Coma na copla tradicional que serve de cabezallo a este texto, Eva Díez enverdece as casas no punto e hora que as ve e establece unha relación con elas que poderíamos comparar con moitas formas de amor. Nese proceder de escenificación - habitual na súa obra - dá luz ás pedras que noutrora foran casas, humanizándoas na procura da calor que xa perderon polas fendas que se abren para dar paso á natureza voraz.

Lonxe de caer en artificios esteticistas, como xa acontecera no seu traballo anterior, o relacionamento que establece co fotografado vai para alén da iluminación e do *atrezzo*, pois para a artista ten máis peso o vital que o propio click. A relación coas ruínas convértese nun exercicio paradóxico no que, tendo como obxectivo procurar a reconciliación coa Casa como punto de partida e centro neuráxico e de acubillo, só consegue atopar máis dúbidas que traslada á espectadora ou espectador.

O mergullo no seu traballo lévaa a adentrarse na historia da casa, a embebedarse das historias que ecoan nas paredes tombadas para ter unha relación que non fica nun simple rexistro fotográfico. Así, a iluminación que lle agasalla ás ruínas lévanos rapidamente a un pasado que se fai presente contínuo do que nos cuartos da casa tiña acontecido. Fálanos do humano, das rutinas, de tradicións, de historias familiares, e de historias que ultrapasaron as paredes da casa para ser de dominio da comunidade máis próxima.

O traballo de Díez é un proxecto fotopoético que visibiliza de maneira radical as oposicións esenciais da fotografía: luz e escuridade, primeiro plano e plano de fondo ancorados por insinuacións de planos medios, vacuidade e porén presenza alén do que vemos. *Renacer* rexistra un oxímoron: unha extraordinaria beleza, aliás, inquietante.

O impacto da súa fotografía reside en construír unha paisaxe que renace dun mundo que agoniza, das ruínas que se resisten a desaparecer sempre que haxa luz que as ilumine. A mesma luz que se enfronta á escuridade que as condena ao esquecemento. A mesma luz que Eva vén de aportar para as fotografar.

Nas imaxes hai unha calma inquietante que conxela o silencio, que relata a poética presenza das sombras, o calar da vida, o esmorecer dos sons, a agonía das pedras... Imaxes oníricas que devolven a calor humana do lar aos restos decadentes e nos convidan a entrar nesas casas para sentir o misterio da súa poesía visual e, se cadra, revivir o que xa foi.

Vítor Nieves

Curador